



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
Delegación Provincial
Servicio De Montes e Industrias Forestais

Ronda Muralla, 70 - Baixo 2
27071 LUGO

CARPETA DEL MONTE:

“SAN MAMED DE AGÜELA”

COMUNIDAD PROPIETARIA:

VECINOS DE SAN MAMED DE AGÜELA

TÉRMINO MUNICIPAL:

ANTAS DE ULLA

Año: 2004



XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

Expediente nº: 1/2004.

RESOLUCIÓN

PRESIDENTE:

D. Emilio López Pérez

VOGAIS:

D. Javier Bruña García

D. Miguel Pérez Máiz

D. Xosé Manuel Fernández Varela

SECRETARIA:

Dña. Ana Manuela Belinchón Jiménez

Na cidade de Lugo, o día vinteún de decembro de dous mil seis, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, constituído polas persoas que á marxe se relacionan, reunido na sala de xuntas da Delegación Provincial da Consellería do Medio Rural, adoptou a seguinte **RESOLUCIÓN:**

Visto no día da data o expediente número 1/2004 para a posible clasificación como veciñal en man común do monte **DE AGÜELA**, no concello de **ANTAS DE ULLA**, iniciado por acordo do Xurado do 12 de novembro de 2004, sendo vogal instrutor **D. MANUEL VEIGA FRANCO**, e resultando os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO: Aceptado o cargo polo vogal instrutor (coa data do 31 de xaneiro de 2005), iniciouse o expediente número **1/2004 (por instancia de D. José Vázquez Guerreiro)**, poñendo como encabezamento do mesmo a certificación da **ACTA** da sesión do Xurado, na que se acorda a iniciación do expediente e o nomeamento do vogal instrutor.

SEGUNDO: Coa data do 4 de febreiro de 2005, recabouse do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, certificación relativa a se o monte de referencia figura incluído ou non no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

TERCEIRO: Coa data do 4 de febreiro de 2005, solicitáronse do Rexistro da Propiedade de **Chantada** os documentos seguintes:

1º) certificación dos asentos que poidan afectar ao terreo en cuestión e que acredite o nome das persoas a favor das que estea inscrito, expresando título de adquisición, liberdade de gravames ou cargas de calquera clase inscritas ou anotadas e que estean vixentes na actualidade segundo os asentos.



2º) certificación de se algunha das devanditas cargas fora obxecto de transmisión ou estivese afecta a algunha responsabilidade, e as limitacións de dominio e condicións ou accións resolutorias ou rescisorias que estean vixentes na actualidade.

CUARTO: Coa data do 14 de febreiro de 2005, recibíuse certificación do Servizo de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, na que se fai constar que o monte **DE AGÜELA**, non figura incluído no catálogo dos de Utilidade Pública da provincia de **LUGO**.

QUINTO: Coa data do 15 de marzo de 2005, recibíuse certificación do Rexistro da Propiedade de Chantada, na que se fai constar que o monte **DE AGÜELA**, tal e como se describe na solicitude do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común de Lugo, non figura inscrito nese rexistro a nome de persoa ou entidade algunha, nin pendente de despacho ningún documento referente ao mesmo.

SEXTO: Coa data do 12 de abril de 2005, comunicóuselle ao Servizo Provincial de Montes e Industrias Forestais na Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, a iniciación do expediente.

SÉTIMO: Coa data do 12 de abril de 2005, comunicóuselle ao concello do **ANTAS DE ULLA** a iniciación do expediente e remitíronselle **EDICTOS** para a súa colocación no taboleiro de anuncios do concello, nos lugares de costume e nos asentamentos dos lugares e parroquia aos que pertence o devandito monte.

OITAVO: Coa data do 12 de abril de 2005, comunicóuselle a iniciación do expediente a **DON JOSÉ VÁZQUEZ GUERREIRO** como solicitante da clasificación.

NOVENO: Coa data do 12 de abril de 2005, comunicóuselle ao Rexistro da Propiedade de Chantada a iniciación do expediente e solicitouse a **ANOTACIÓN PREVENTIVA**.

DÉCIMO: Coa data do 14 de abril de 2005, remitiuse **EDICTO** para a súa publicación no **D.O.G.**, poñendo en coñecemento de tódolos interesados a iniciación do expediente, co fin de que puideran comparecer e intervir nel, na defensa dos seus dereitos e intereses.

DÉCIMO PRIMEIRO: Coa data do 25 de maio de 2005, aparece publicado o **EDICTO** no **D.O.G.** número 99, páxina 9.023, polo que se pon en coñecemento público a iniciación do expediente de clasificación do monte **DE AGÜELA**.

DÉCIMO SEGUNDO: Coa data do 20 de xuño de 2005, recibíuse comunicación do Rexistro da Propiedade de Chantada, na que se fai constar a anotación preventiva realizada (anotación letra A, predio 12.992, libro 70 do concello de Antas de Ulla, folio 99, tomo do arquivo 735).

DÉCIMO TERCEIRO: Coa data do 14 de xullo de 2005, comunicóuselle ao alcalde pedáneo ou de barrio da parroquia de **SAN MAMEDE DE AGÜELA**, no concello de Antas de Ulla, o dereito da comunidade de veciños á elección de dous representantes, que poderán asistir ás reunións do Xurado nas que se estude o expediente do monte **DE AGÜELA**, (con voz pero sen voto).



DÉCIMO CUARTO: Coa data do 27 de xullo de 2005, recibíuse comunicación da comunidade de veciños da parroquia de **SAN MAMEDE DE AGÜELA**, concello de **ANTAS DE ULLA**, na que como vogais representantes no Xurado pola comunidade implicada no procedemento, resultaron elixidos os seguintes veciños:

- **DON LUIS MOREIRAS LÓPEZ**
- **DON JOSÉ VÁZQUEZ GUERREIRO**

DÉCIMO QUINTO: Non se recibiu ningunha alegación en contra da clasificación do monte como veciñal en man común.

DÉCIMO SEXTO: Na reunión celebrada con data 28 de xuño de 2006, escoitada a declaración do representante da comunidade, presente nese acto, D. JOSÉ VÁZQUEZ GUERREIRO, quen manifesta que unha parte que se propón clasificar, sita na parcela denominada Veciñal de Cebreiro, non pertence á comunidade que representa, o Xurado, por unanimidade, **acordou**, solicitar, previamente á resolución do expediente, informe ao Servizo de Montes e Industrias Forestais sobre a superficie resultante, tendo en conta esta modificación.

DÉCIMO SÉTIMO: Con data 9 de outubro de 2006, recíbese o informe solicitado do servizo de Montes, no que se comproba que a inclusión desa parcela debeuse a un erro no debuxo do plano, pero que a superficie non se ve afectada por esta exclusión, quedando a extrema *leste*, limitada por predios particulares, e non pola estrada de Cebreiro a Peibas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común ten competencia e xurisdicción para coñece-lo expediente, séndolle atribuída tal competencia polo artigo 9 da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común.

2º.- Examinada a documentación obrante no presente expediente, e posto que non consta que se teña presentado alegación algunha en contra da clasificación, cabe manter o comprobado no estudio previo realizado na elaboración da carpeta-ficha polo Servizo de Montes e Industrias Forestais. Atendendo pois, ao tipo de aproveitamento comunitario que presenta, considérase que o monte **DE AGÜELA**, reviste o carácter de veciñal en man común conforme ao disposto no artigo 1 da devandita Lei.

Vistos os antecedentes de feito e os fundamentos de dereito anteriores, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, **RESOLVE:**

CLASIFICAR como veciñal en man común o monte das seguintes características:

Nome: **DE AGÜELA**
Pertenza: veciños da parroquia de **SAN MAMEDE DE AGÜELA**
Concello: **ANTAS DE ULLA.**
Superficie: **4,47 hectáreas.**

Estremas:
"Comunal de Sanmamede" (0,5755 has)



Norte: Predios de María Eva Guerreiro Pena, Santiago Concheiro Caras e outros.

Sur: Predios de Jesús Vázquez Guerrero e parroquia de Agüela.

Leste: Predios de María Eva Guerreiro Pena e outros.

Oeste: Predios de Santiago Concheiro Caras e outros.

“ Comunal de Agüela” (1,1775 has)

Norte: Predios de Jesús Vázquez Guerrero, José González Quiñía e outros

Sur: Provincia de Pontevedra

Leste: Predios de José González Quiñía, Isaura González Fernández e outros.

Oeste: Predios de Jesús Vázquez Guerrero e provincia de Pontevedra.


“ Veciñal de Cebreiro” (2,7215 has)

Norte: Predios de Evangelina Caras Blanco, José Lemos García, Jesús Vázquez Guerrero e outros.

Sur: Predios de Javier Fente Fente, Marcial Sobrado Diéguez, José Modia Rua, José Fente Patao e outros.

Leste: Predios particulares de veciños de Cebreiro.

Oeste: Predios de Isaura González Fernández, Carmen Otero Iglesias, Ángel Vázquez Coto, Jesús Vázquez Guerrero e outros.



00001

Comunal Sanmamede


Vecinal Cebreiro

00222

NON

PARCELAS A CLASIFICAR COMO MVMC
EN S.MAMED DE AGÜELA.
Plano nº 1.
Escala 1:5000
Lugo, a 23/08/2004

Fdo.: Fernando Rengifo Méndez Núñez




PARCELAS A CLASIFICAR COMO MVMC
EN S.MAMED DE AGÜELA.

Plano nº 2.

Escala 1:5000

Lugo, a 23/08/2004

Fdo. Fernando Rengifo Méndez Núñez



 XUNTA DE GALICIA	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL Delegación Provincial de Lugo Servizo de Montes e Industrias Forestais
	MONTE "SAN MAMED DE AGÜELA" PERTENZA: Veciños S. Mamed de Agüela CONCELLO: Antas de Ulla
ESCALA 1:10000	 Lugo, 1 de xullo de 2008 CONCELLO DE MONTES Fernando Rengifo Mendes Nogueira
 M.V.M.C. San Mamed de Agüela Superficie: 4,5 Ha.	